

Martes, 24 de outubro de 2017

Núm. 204

## **XUNTA DE GALICIA**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

#### **SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL**

#### **Convenios colectivos**

#### *LAUDO ARBITRAL DO SECTOR COMERCIO DE ALIMENTACIÓN*

*Código de Convenio número 36000315011981.*

Visto o texto do laudo arbitral relativo á posibilidade de aplicación do descolgue salarial pactado en 2014 da COOPERATIVA CAMPO DE SANTA CRISTINA S.C.G., que foi ditado o día 28 de xullo do 2017, e tivo entrada no rexistro telemático de convenios e acordos colectivos de traballo da xefatura territorial da consellería de Economía, Emprego e Industria en Vigo o 25 de setembro do 2017, de conformidade co disposto no art. 90.2 e 3, do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito dos convenios e acordos colectivos de traballo, artigo 24.4 do Acordo interprofesional galego sobre procedementos extraxudiciais de solución de conflitos de traballo (AGA), e Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta xefatura territorial,

#### **A C O R D A:**

*Primeiro.*—Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia, creado mediante Orde do 29 de outubro de 2010 (DOG nº 222, do 18.10.2010).

*Segundo.*—Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

*Terceiro.*—Ordenar a notificación desta Resolución á Mesa Negociadora do mesmo.

Vigo, 28/09/2017.—O Xefe Territorial, Ignacio Rial Santomé.

JOSE M<sup>a</sup> CASAS DE RON, designado árbitro en escrito de promoción de procedemento de arbitraje de data 5 de xuño de 2017, e acta de compromiso arbitral de data 6 de xuño de 2017, prevista no artigo 20 do Acordo Interprofesional Galego sobre procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA), no conflito xurdido na Cooperativa Campo Santa Cristina, S.C.G., sobre a aplicación da cláusula de descolgue sendo o pacto de 20 de marzo de 2014, e tendo en conta o Convenio Colectivo Provincial de Pontevedra do Comercio de Alimentación vixente, resolve a cuestión baseándose nos seguintes



Martes, 24 de outubro de 2017

Núm. 204

### ANTECEDENTES

*Primeiro.*—Son partes no procedemento, por unha banda, a representación da Cooperativa citada, D. José Iglesias Pérez, presidente, e D. Manuel Ubeira Prado, secretario do Consello. E pola parte social, D. Andrés Fernández Fernández e D. Basilio Domínguez Rivas.

*Segundo.*—O litixio estriba na diferenza de interpretación sobre a posible aplicación do descolgue pactada en abril de 2014, perante a vixencia do actual convenio colectivo de Comercio de Alimentación para os anos 2016, 2017, 2018 e 2019.

*Terceiro.*—Abertas as sesións de comparecencia, o árbitro entende perfectamente garantidos os principios de igualdade e contradición, e considérase informado tralas sesións de comparecencia das posicións das partes e das súas diferenzas. Así mesmo comunica ás partes, que coñecidas as peticións e ofertas recíprocas da negociación do convenio, vai partir da doutrina das últimas posicións. Ademais quere reflectir o árbitro que solicitou diversa información ás partes ó fin de poder decidir nas cuestións en litixio. Ase mesmo fai constar o árbitro que tivo unha reunión con D. Xusto Fernández Vilas (CIG), ó fin de solicitar tamén o seu parecer.

*Cuarto.*—O conflito é un conflito económico, no que o árbitro ten que avaliar a situación xurídica que presenta o acordo do 1 de abril de 2014, a aplicación do convenio colectivo provincial do sector de Alimentación de Pontevedra, sobre a base de que en abril de 2014 acordouse una inaplicación do convenio que venceu o 5 de maio de 2017, coa publicación do antedito convenio colectivo, e as circunstancias económicas da Cooperativa, actuais e dos últimos exercicios.

A empresa manifesta que segue a mesma situación económica, sendo moi negativos os resultados da explotación da sociedade cooperativa, manténdose perdas no ano 2014, 2015, 2016, e cas mesmas perspectivas para o 2017. O Consello da Cooperativa entregou carta ós traballadores informando da situacións referidas, poñéndose fin ó período negocial en acta celebrada o 19 de maio de 2017, en que a empresa, solicitando o descolgue salarial que viña manténdose ca diminución dos salarios nun 8,5 % para os traballadores con contrato indefinido, e a supresión da paga de beneficios para todo o cadro de persoal. O período que se solicitaría pola empresa para a citada redución salarial sería ata a total recuperación económica. Ademais propónse, ase mesmo, pola empresa, unha redución da xornada anual consistente en realizar xornada continuada de 30 horas durante o mes de verano, elixindo dito mes os traballadores, e manténdose esta redución durante a vixencia do descolgue salarial.

Non habendo acordo entre as partes, e en base ó artigo 54 do convenio colectivo, a cooperativa decidiu solicitar a mediación arbitral prevista no Acordo Galego de Solución de Conflictos.

### FUNDAMENTOS DA RESOLUCIÓN

A cuestión que se presenta á ditame arbitral ten que verse consonte ás regras de interpretación doa artigo 3 do Código Civil, nos puntos que remiten a unha interpretación lóxica e sistemática do contido do propio pacto, e analizando as situacións económicas da cooperativa, e as cuestións que unha parte e outra fixeron na fase de comparecencia ó árbitro.



Martes, 24 de outubro de 2017

Núm. 204

A situación é clara. O árbitro, efectuadas as convenientes averiguacións, constata a existencia de perdas, e incluso coa política de redución de costes, manténdose a situación dos últimos exercicios, e unha proxección negativa para o ano 2017, por ser a mesma dos últimos tres exercicios, e sabendo da existencia dunha nova xunta directiva dende maio de 2015 que intenta arranxar a problemática económica que ten a sociedade cooperativa.

Pois ben, o árbitro, ten que, coherentemente cos principios aplicables no eido laboral, a doutrina das derradeiras posicións, desenvolvidas ante ó árbitro, o principio de norma máis favorable de aplicación no presente caso concreto, conxuntamente co principio “pro operario”, típico do dereito do traballo, asume manter as concesións, chamémoslle deste xeito, do Consello da Cooperativa/empresa e a análise da realidade económica, ineludible, neste caso. Polo que partindo das exposicións anteditas nos parágrafos anteriores, establece a seguinte

### *PARTE DISPOSITIVA*

En base a todos ós anteriores antecedentes, dítase o seguinte laudo, de conformidade coas normas previstas no art. 20 e seguintes do Acordo Galego para a Solución Extraxudicial de Conflitos Colectivos de Traballo, ditándose o laudo fora do prazo establecido mais con coñecemento das partes por razóns organizativas do propio árbitro:

### *ÚNICO*

Decide o árbitro e resolve a cuestión plantexada, o seguinte:

1.—Mantén a posibilidade de xornada intensiva de verán de cinco horas e media, en período a elixir polos traballadores.

2.—Establece a supresión da paga de beneficios ata que exista unha situación de regularidade económica que permita o devengo de dita paga.

3.—Establece, tendo en conta a evolución xeral das condicións económicas do sector, dun xeito analóxico, un descolgue dun 6,5%.

4.—A empresa deberá xustificar ata o ano 2019, anualmente, ante os todos e cada un dos traballadores a situación económica con balance e contas de explotación, no caso de que se aplique no ano 2018 e 2109 dita cláusula de descolgue, entendendo que para o ano 2017 está xustificada pola propia documentación achegada no presente procedemento arbitral.

O presente laudo poderá recorrerse ante a xurisdición social nos termos establecidos no apartado 5º do artigo 24 do AGA.

Dado en Vigo, 28 de xullo de 2017.—O árbitro, José M<sup>a</sup> Casas de Ron.

